

Galicia desaparecida

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Lucerna, en Pantín

Na lagoa da Rega, ao ladiño da praia do Rodo, en Marnela, Pantín, Valdoviño (A Coruña) está asolagada a noutrora próspera cidade de Lucerna. Disque Marnela vén de □mar + nela□, o que explicaría como foi o de quedar a cidade baixo as augas.

Seica se atoparon tellas e as campás da que fora igrexa principal de Lucerna.

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, X. R., MIRANDA, X. E REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Lucerna], Xerais, Vigo, 1999.

MONTEGAUDO, L., «Palafitos, problemas y leyendas», Revista de Dialectología y Tradiciones populares, Tomo XIII, Madrid, 1957.

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E., GÓMEZ BLANCO, A., De lenda en lenda. Camiños máxicos polo noroeste de Galicia, Ferrol, 1999.

COMENTARIOS ENVIADOS

Hola son unha rapaza pantinexa que dende moi nova escoitou esta lenda con algunhas variantes. Sobor das campás din que ás veces se escoitan as campás da igrexa asolagada...

Tan só quería indicar que o nome da praia de Pantín non é Rolo senon O Rodo.

Saúdos!

Enviado por Fati o 10/12/2007 ás 21:42:47